



RESOLUCIÓN DA SELECCIÓN DE PROXECTOS DO FONDO DE PROXECTOS CULTURAI XACOBEO 2021

Modalidade: Dinamización da lingua galega, do patrimonio cultural e de proxectos editoriais, literarios e expositivos

I ANTECEDENTES

1 Mediante a Resolución do 22 de maio de 2020, da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo, aprobáronse as bases para presentar creacións culturais, bens ou servizos de consideración análoga, coa finalidade de configurar un fondo de contidos creativos de interese cultural e artístico, lingüístico e turístico denominado Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021(Fondo X21).

2 O anuncio da convocatoria e as bases publicáronse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística o 23 de maio de 2020 para que as persoas destinatarias presentasen as súas iniciativas que, segundo a base 9 da indicada convocatoria, son as persoas físicas ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar e que non estean incursas nalgunha prohibición de contratar, que teñan domicilio fiscal na Comunidade Autónoma galega e que acrediten que as actividades profesionais das persoas físicas ou o obxecto social das persoas xurídicas inclúen a xestión cultural e/ou artística, en concreto:

- a) Empresas culturais e/ou artísticas
- b) Cooperativas culturais e/ou artísticas
- c) Entidades ou institucións privadas de carácter cultural e sen ánimo de lucro que contén con persoal empregado nas súas estruturas organizativas
- d) Profesionais do sector cultural e artístico galego

II CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

1 A base 12 da convocatoria prevé que a selección de proxectos será realizada por unha comisión técnica de análise integrada por tres persoas expertas designadas





pola persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo para cada modalidade das previstas nestas bases.

2 O día 27 de maio de 2020, mediante un acordo do secretario xeral de Política Lingüística, nomeáronse as persoas técnicas que integran as tres comisións técnicas das tres modalidades do Fondo Xacobeo 2021. Na primeira das tres modalidades inclúiranse os proxectos musicais, audiovisuais e de artes escénicas. Na segunda terán cabida os proxectos para dinamizar a lingua galega, o patrimonio cultural e os proxectos editoriais, literarios e expositivos. A última das modalidades está dirixida ao ámbito xacobeo, turístico, xeográfico, paisaxístico, gastronómico e de usos e costumes sociais.

A convocatoria prevé que os proxectos seleccionados se publicarán periodicamente para cada modalidade mediante unha resolución do secretario xeral de Política Lingüística na web www.lingua.gal. Nela indícarase, por orde de prelación, a puntuación obtida por cada proxecto seleccionado. Tamén se publicarán os proxectos non seleccionados e, de ser o caso, os motivos de desistencia ou rexeitamento.

A publicación dos proxectos seleccionados non xerará dereitos económicos en favor das persoas interesadas ata que se formalice a adxudicación administrativa e, de ser o caso, o contrato correspondente, de acordo coa normativa contractual que resulte de aplicación.

En virtude do exposto, e de acordo co informe de valoración de cada proxecto e o protocolo de actuación do 1 de xuño de 2020 da comisión técnica de análise dos proxectos para obxectivar os criterios de selección,

RESOLVO:

1 Seleccionar os proxectos da modalidade de Dinamización da lingua galega, do patrimonio cultural e de proxectos editoriais, literarios e expositivos que a continuación se indican e, así mesmo, iniciar os trámites para a súa contratación:





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	FORMATO
ARTEFEITO S. COOP. GALEGA	"Dúo Vaguedades: Rosalía de Castro & Eduardo Pondal": Isabel Risco e Fran Rei convértense en Rosalía de Castro e Eduardo Pondal nun proxecto audiovisual que mestura humor e música	9.922,00	DIXITAL
CIENCIA GALEGA INDUSTRIAS CREATIVAS SL	O Dicionario audiovisual da ciencia de GCiencia: 10 pezas sobre termos científicos en galego	9.994,60	DIXITAL
HÉCTOR GARCÍA GUERRA	"A maxia das nosas letras": Gravación de 6 vídeos para a posta en valor da lingua, dos/as principais personaxes da literatura e do patrimonio cultural de Galicia a través as artes escénicas e a maxia, trasladadas ao público por medio do audiovisual	3.847,50	DIXITAL
CARLOS DELMIRO LORENZO PÉREZ	Documental "Vértice de versos": 4 proxeccións, faladoiros co director e 300 DVD	3.596,70	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
CÁNDIDO PAZÓ GONZÁLEZ	"Botando a lingua a pastar": espectáculo de narración oral, creación e 4 funcións	3.993,00	PRESENCIAL / MATERIAL
REDRUM PRODUCCIONES, SL	Xira do espectáculo "A nena que quería navegar" e impresión de 100 exemplares	10.000,00	PRESENCIAL / MATERIAL
ALVARELLOS EDITORA SL	2 álbums ilustrados para as primeiras lecturas: "O meu avó e o queixo!" e "A nena que abrazaba as árbores"	4.200,00	PRESENCIAL / MATERIAL
CARAMUXO TEATRO SL	Adaptación a formato dixital do espectáculo para a primeira infancia "Na Casa"	10.000,00	DIXITAL
AGARESO	"Dicionarios audiovisuais de ida e volta": Realización de 6 vídeos, 1 guía didáctica, 1 campaña de comunicación e 1 web sobre interculturalidade, para visualizar o colectivo de inmigrantes	10.000,00	DIXITAL
ALBERTO EMILIO CASTAÑO PEREIRA	#PROMETO: Certame de microrrelato a través da Rede	3.932,50	DIXITAL
PRODUCCIÓNS TEATRAIS TALÍA SL	Tempos de bicos: 5 funcións da obra "Bicos con lingua"	9.253,05	PRESENCIAL / MATERIAL
OSWALDO DIGON ALBA	"Do Xé ó Zeta": Monólogo cómico sobre o contido de sabedoría, modernidade e rede social que é a lingua galega	3.700,00	DIXITAL
SONSOLES MARTÍNEZ JIMÉNEZ	"Barrocóco": un achegamento a Domingo de Andrade	3.705,00	PRESENCIAL / MATERIAL



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	FORMATO
EDICIÓN EMBORA SL	“Nova lix”: Adquisición de 3 álbums ilustrados, 1 peza de teatro infantil e 1 novela xuvenil (1000 exemplares en total)	10.000,00	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
FAUSTO DESEÑO ASOCIADOS SL	Calendario “Mulleres inspiradoras” e Libro “Sendas de Ons”	9.000,00	PRESENCIAL / MATERIAL
YOLANDA CASTAÑO PEREIRA	Escrita, desenvolvemento e produción dun Videopoema	3.993,00	DIXITAL
BERNARDINO MARTÍNEZ CASTIÑEIRA	O camiño xacobeo do Rei Afonso IX (2ª etapa). Ruta teatralizada	3.990,45	PRESENCIAL / MATERIAL
IGNACIO VILARIÑO SANMARTÍN	“Os romeiros de caracol”: 4 pases do espectáculo	4.000,00	PRESENCIAL / MATERIAL
7H S. COOP. GALEGA	“Mulleres e cultura urbana”: Xornada de análise e creación colectiva en clave de xénero arredor da cultura urbana galega	9.256,50	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
TANXARINA, SL	Serie de representación dos espectáculos “Titiricircus” ou “A galiña azul”	9.600,00	PRESENCIAL / MATERIAL
MARÍA AURORA GARCÍA GARCÍA	Proxecto de dinamización da lingua galega a través de obxectos promocionais da cultura galega (100 paraugas pintados a man con ilustracións relativas a Galicia e textos poéticos)	4.000,00	PRESENCIAL / MATERIAL
MÁIS DESEÑO SILLEDA SL	“Memoria poética de nós”: Publicación de 2 libros de poemas e 1 revista	10.000,00	PRESENCIAL / MATERIAL
MALASOMBRA PRODUCIÓN S L	“Ouzande: do arado de pau ao smartphone”: Investigación, entrevistas e recollida de imaxes para recrear a vida cotiá dunha aldea galega nos anos da posguerra	10.000,00	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
ASOCIACIÓN ETNOGRÁFICA DE CODESEDA	Libro “Confinados”: deseño, maquetaxe e impresión de 500 exemplares sobre a recreación do proceso do liño, con exposicións de roupas deste material e foliada da fía	9.758,50	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
ALBERTE REBOREDA CARREIRA	Rescate da toponimia da parroquia de Barcia de Mera (Covelo)	3.974,85	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
ISABEL PINTADO PALACIO	“Mar de Libros”: Proxecto expositivo en homenaxe á Xeración Nós no seu centenario (con edición do catálogo)	3.100,00	PRESENCIAL / MATERIAL



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	FORMATO
ESNATU ZINEMA SL	Obradoiros cerámicos sobre azulexos típicos da Ruta Xacobeá do Mar de Arousa impartidos polo artista Pablo Barreiro	9.966,40	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
DOTBEAT SC	Onde están as mulleres da cultura? Ciclo de charlas sobre a presenza de mulleres no sector cultural	9.196,00	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS
JOAN MORERA ARBONES	Produción de entrevistas en vídeo (formato píxula) realizadas a artistas visuais residentes en Galicia	3.999,05	DIXITAL
TÉCNICAS Y GRAMAXE SL	"As nosas historias": publicación de exemplares de 2 libros e 1 folleto onde se recollen aspectos históricos de Baiona, Lalín e Mondoñedo	10.000,00	PRESENCIAL / MATERIAL

A partir da publicación desta resolución na páxina web e dentro do ano natural 2020, as persoas solicitantes dos proxectos seleccionados, segundo a relación prevista no parágrafo anterior, recibirán unha notificación formal da resolución de adjudicación da persoa titular da secretaría xeral de Política Lingüística. Nela, indicaráselles as características esenciais para a adquisición das creacións culturais, lingüísticas e/ou artísticas e/ou dos bens culturais seleccionados e, igualmente, as condicións para a execución doutros servizos; e, así mesmo, de ser o caso, o prazo previsto para formalizar o contrato correspondente e a forma de facturación e de pagamento. logo da correspondente xustificación.

2 Desestimar os seguintes proxectos:

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	Puntuación CALIDADE (mínimo 35 puntos de 75)	CAUSAS DE DESESTIMACIÓN	FORMATO
PABLO RODRÍGUEZ BARREIRO	"Barroco Compostelán": produción escultórica de 3 pezas homenaxe ao estilo arquitectónico Barroco de Placas	3.823,60	20,67 puntos	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL
IVÁN TORRES HERNÁNDEZ	Fotolibro documental "Vida e calor: Historia íntima arredor dun forno": Historia recente de Galicia contada a través dos seus fornos	3.648,15	32,33 puntos	Puntuación insuficiente Insuficiente calidade lingüística en galego oral e/ou escrito	PRESENCIAL / MATERIAL
XURXO GÓMEZ CHAO FERNÁNDEZ	"Entre catro paredes e un teito: confinamento fotográfico": 2 obras fotográficas que lle propoñen ao espectador unha reflexión sobre o illamento en espazos reducidos e a importancia de redescubrir a beleza dos obxectos e das paisaxes cotiás	4.000,00	30,00 puntos	Puntuación insuficiente	PRESENCIAL / MATERIAL





3 Excluir os seguintes proxectos:

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	ORZAMENTO	CAUSAS DE DESESTIMACIÓN	FORMATO
ASOCIACIÓN JAIME ALVARELLOS	"gardaBicos": Iniciativa cultural de máscaras ecosostibles desenvolvida en 3 eidos de expresión artística	10.000,00	Contidos non axustados ás bases	COMBINACIÓN DE AMBOS OS FORMATOS

A presente resolución esgota a vía administrativa e as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015), ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo previsto legalmente.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital deste documento

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

